



# BOP

MARTES, 11 DE MARZO DE 2025 N.º 057

O presente documento estará  
exposto na Taboeira de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 11 MAR. 2025  
ata a día 11 ABR. 2025  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXANCIA

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

#### Anuncio

**NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C - SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART 217 DO REAL DECRETO LEI 5/2023, DO 28 DE XUÑO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2025, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 172, do 26.07.2024.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, tres prazas de Administrativo, da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), fixéronse públicas no BOP núm. 172, do 26.07.2024.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditados polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:*

***Dona Marta María Vázquez Fernández, para ocupar a praza número 610, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 745, vinculado á citada praza.***

***Dona Rebeca González Casar, para ocupar a praza número 593, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1628, vinculado á citada praza.***

***Dona Estibalíz Castelao García, para ocupar a praza número 25, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C - subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1687, vinculado á citada praza."***

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 10 de marzo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0623

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 11 MAR. 2025 11 MAR. 2025  
ata a día 11 ABR. 2025  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

PO. 